

TEMA 18. A CUESTIÓN NACIONAL NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XIX

FACTORES QUE LEVARON Á ECLOSIÓN DOS NACIONALISMOS PERIFÉRICOS

No **último terzo do XIX**, desenvólvense en España os rexionalismos e nacionalismos. Son 2 movementos que xorden como reacción ao intento de centralizar o poder (é dicir, de unificar e concentrar todo o poder no goberno central ou do Estado).

Este centralismo era un obxectivo moi claro nos liberais (sobre todo conservadores), que trataron de implantalo ao longo do **XIX** por exemplo:

- Co nomeamento dos alcaldes dos municipios desde o goberno central.
- Coa eliminación dos **foros** que aínda conservaban **Navarra** e os **territorios vascos**. (o que levou a estes territorios a apoiar ao carlismo como forma de defendelos).
- Pero tamén creando un único **Código Penal (1848)**, un **único sistema de pesos e medidas (1858)** ou implantando unha única **moeda**, a peseta (**1868**).

En cambio, durante o **Sexenio Democrático**, comezouse a cuestionar este modelo centralista, chegando a implantarse incluso a **República Federal** (con 17 Estados diferentes).

Foi xusto na seguinte etapa, a **Restauración**, na que se volveu ao liberalismo moderado, cando eclosionan os nacionalismos en territorios periféricos: **Cataluña, Euskadi e Galicia**.

Estes nacionalismos acabarán desencadeando fortes tensións no Estado español, especialmente a partir do desastre do 98, cando o sistema canovista entra en crise. Pero a estas razóns, aínda podemos engadir outras motivacións como:

- A gran diversidade cultural e lingüística do país.
- A tendencia histórica a uniformar aplicando o modelo castelán (non gusta na periferia).
- As reivindicacións da poderosa burguesía vasca e catalana (lonxe do goberno).
- O débil sentimento nacionalista español (España xa non é unha potencia).

Así, a finais do **XIX** xa se fala en España da chamada “**Cuestión nacional**” como un problema.

OS NACIONALISMOS

Os nacionalismos son unha ideoloxía política que xurdiu durante o **XIX** en Europa, a partir do **romanticismo** (que exaltaba as emocións) e o **liberalismo** (as liberdades), e que reivindicaban unha organización política propia (un Estado) para cada nación. (nación=pertenza a unha grupo diferenciado, con lingua, costumes ou historia propias). Podendo distinguirse 2 tipos de nacionalismo:

- **Centrífugo**: cando unha nación quere separarse para crear un Estado diferente.
- **Centrípeto**: cando varias nacións queren agruparse baixo un só Estado.

DESENVOLVEMENTO, IDEARIO E NACIONALISMOS PERIFÉRICOS

En **España**, os nacionalismos comezan como algo minoritario e anecdótico. Así, en **1880** aparece o **REXIONALISMO**, que non discutía a unidade de España pero si reivindicaba autonomía e institucións propias para unha rexión, e que se foi radicalizando (ao non ser escoitado polos gobernos da Restauración) ata desembocar no século **XX**, desde o desastre do 98, en posturas nacionalistas.

No século **XX**, temos xa **4 tipos de nacionalismos** claramente configurados: **NACIONALISMO ESPAÑOL**, cun ideario que pode ser tanto:

- **conservador** (defendido por liberais conservadores e progresistas, e cunha forte influencia da Igrexa católica)
- como **democrático** (defendido por liberais democráticos e republicanos, máis abertos á descentralización e a recoñecer outras identidades nacionais)

NACIONALISMO CATALÁN

Protagonizado por unha **burguesía** moi poderosa (principal rexión industrial de España) que reclama todo o poder perdido coa imposición dos **Decretos de Nova Planta no XVIII**, e que se sente atrapada nunha España débil, atrasada e decadente.

Comeza en **1830** coa **Renaixença**, un movemento literario para recuperar a cultura catalana, e en **1880** pásase a un **Rexionalismo** que pide maior autogoberno para **Cataluña**, destacando a creación en 1891 do grupo político **Unión Catalanista**, que acabará derivando na aparición de varios partidos nacionalistas cataláns, como **Lliga Regionalista**, liderado por **Francesc Cambó**.

A inicios do XX, os catalanistas uníranse no partido Solidaridad Catalana, que arrasa nas eleccións de 1907 conseguindo 41 dos 44 escanos en disputa en Cataluña, sendo xa moi capaces de gañar, pese ao fraude, aos 2 partidos da quenda.

No XX xurdirán tamén partidos como ERC (Esquerra Republicana Catalunya), aínda vixente.

NACIONALISMO VASCO

Xorde como reacción aos cambios que se estaban dando a finais do **XIX** nas provincias vascas: abolición dos foros, industrialización e forte inmigración para traballar nesa industria.

As **provincias vascas** e **Navarra** tiveran tradicionalmente foros (leis e privilexios propios), e os liberais pretendían abolilos para lograr unha España uniforme, razón pola cal as provincias vascas apoiaron ao carlismo (o bando oposto aos liberais).

En **1876**, no inicio da **Restauración**, **Cánovas** decídese a eliminar os **foros vascos**, pero as protestas obríganlo a rectificar, devolvéndolles a autonomía fiscal. A ansia de recuperar integramente os foros será encabezada por **Sabino Arana**, carlista que deseña un nacionalismo ultraconservador e ultracatólico, xenófobo (de odio aos “maquetos”: inmigrantes “invasores” desde outras rexións españolas) e que remata co propio **Arana** fundando en 1895 o **PNV** (Partido Nacionalista Vasco), hoxe o segundo partido político en vigor máis antigo de España, tras o **PSOE**.

NACIONALISMO GALEGO,

Á fronte do cal, a diferenza do catalán, non atopamos á **burguesía** (apenas había), senón principalmente a escritores e intelectuais, que comezan en **1840** a reivindicar as necesidades de **Galicia** (provincialistas), continúa nos anos 60 co **Rexurdimento** (con **Rosalía** á fronte) revitalizando o galego, e destaca a partir de 1880 ao xurdir o **Rexionalismo** (que pide maior autonomía), defendido tanto por **progresistas** (**Murguía**) como por **conservadores** (**Alfredo Brañas**).

Finalmente, a **inicios do XX** este rexionalismo evoluciona cara o nacionalismo galego, destacando organizacións como as **Irmandades da Fala** e a **Xeración Nós**, que rematarán na fundación do **Partido Galeguista** en **1931**, con **Castelao** á fronte, capaz de presentar ás **Cortes** en **1936** un **Estatuto de Autonomía para Galicia**.

En conclusión, durante o **XIX** predominaba un liberalismo moderado centralizador, que tendía a uniformar e a negar a diversidade cultural do Estado español, o que acabou encendendo a mecha dos nacionalismos periféricos (Cat,Eus,Gal).

Esta “**cuestión nacional**” iría medrando en importancia, sobre todo a partir do desastre do 98 converténdose en **Cataluña** nunha opción capaz de enfrontarse aos partidos do turnismo, e nunha preocupación do exército, sendo un dos factores que os levaría a dar o golpe do 36.

Durante a ditadura, o ultranacionalismo español do réxime intentou aplastalos. E hoxe, no **XXI**, segue sendo unha cuestión sen resolver, como se ve en Cataluña.